

Expediente núm.: 880/2024

Asunto: CONTRATO PARA A PRESTACIÓN DE SERVICIOS POR PREZOS UNITARIOS DE ALUGUEIRO MAQUINARIA, MANTEMENTO E PEQUENAS REPARACIÓN

Procedemento: Aberto

MEMORIA XUSTIFICATIVA

1. Introducción

Os obxectivos do presente contrato son:

- A consecución da mellor relación calidade / prezo no aluguer de maquinaria e vehículos para tarefas de apoio a diferentes servizos e departamentos municipais, e mantemento e pequenas reparacións en infraestruturas municipais: viais, colexios, edificios municipais, praias, etc.
- A mellora no control do gasto a través de facturación detallada e individualizada por departamento do servizo / mes.

O contrato obrigará ao empresario a executar os servizos de forma sucesiva e por prezo unitario, sen que a contía total das prestacións, incluídas no obxecto do contrato quede definida a o tempo de asinarse o contrato. Ao ser as necesidades variables, definíndose estas con carácter estimado.

2. Marco normativo

O contrato a que se refire o presente prego é de natureza administrativa e se rexerá, pola Lei 9/2017 (en diante LCSP) de Contratos do Sector Público, (B.O.E., 9 de novembro de 2.017), polo Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado mediante Real Decreto 1098/2001, de 12 de Outubro (RXLCAP). En todo caso, as normas legais e regulamentarias citadas anteriormente serán de aplicación en todo o que non se opoña á LCSP.

3. Obxecto do contrato

Constitúe o obxecto do presente contrato a prestación de diversos servizos, mantemento e pequenas reparacións así como o alugueiro de diversa maquinaria con condutor no ámbito do Concello de Soutomaioir, nos termos establecidos no Prego de Prescricións Técnicas e no presente Prego.

4. Análise Técnica

No estudio económico aparece detallado o detalle de cada prestación, podendo os licitadores ofertar maquinaria de características semellantes, e con nivel de servizo equivalente, sen que sexa necesario a coincidencia total coas características descritas.

5. Financiamento e aplicación orzamentaria

Con carácter soamente estimativo se recolle na seguinte táboa as partidas orzamentarias do **orzamento do ano 2024** afectadas polo presente contrato, así como a súa porcentaxe sobre o prezo do mesmo, e en base a estes porcentaxes estimase o saldo de crédito a partir do día 31/07/2024. A eficacia do contrato queda sometida á condición suspensiva de existencia de crédito adecuado e suficiente para financiar as obrigas do contrato no exercicio correspondente

APLICACIÓN ORZAMENTARI	DENOMINACIÓN	% SOBRE	Saldo de crédito
------------------------	--------------	---------	------------------



A		O PREZO	
171.22799	Parques e xardíns:Traballos realizados por outras empresas ou profesionais	15%	41.180,50 €
172.22799	Medio ambiente, praias :Traballos realizados por outras empresas ou profesionais	15%	9.219,51 €
323.22799	Centros docentes :Traballos realizados por outras empresas ou profesionais	3%	9.219,51 €
454.22799	Camiños veciñais: Traballos realizados por outras empresas ou profesionais	67%	1843,91 €
TOTAL			61.463,43 €

6. Valor estimado

De acordo co disposto no artigo 100 da LCSP, o presuposto base de licitación (límite máximo de gasto, que en virtude do contrato pode comprometer o órgano de contratación, incluído o Imposto sobre o Valor Engadido) ascende a 590.048,91 €.

Considerase para o cálculo, unha duración de catro anos, o que supón 487.643,73 euros, mais o IVE 102.405,18 euros, resultando unha contía total 590.048,91 €.

7. Análise do procedemento

a. Xustificación do procedemento

O contrato adxudicarase por procedemento aberto.

b. Cualificación do contrato: Servizos por prezos unitarios

c. Análise de execución por lotes: Polo tipo e entidade do servizo a realizar, non procede a división en lotes.

d. Duración

Catro anos.

8. Órgano de contratación

Xunta de Goberno Local por delegación do Pleno do Concello de data 04 de xullo de 2023.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

